



BERTA ALONSO SOTO, SECRETARIA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA),

CERTIFICADO: que, con data de hoxe, o Señor Alcalde, ditou o Decreto que transcribo literalmente a continuación:

“DECRETO 280 / 2016

Asunto: Convocatoria e composición da mesa de contratación do expediente de adxudicación do servizo de axuda no fogar.

De conformidade co indicado na cláusula núm. 15 do pregos de cláusulas administrativas particulares que rixen o expediente para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Salceda de Caselas, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2016.

Visto asimesmo o establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Publicar a composición da Mesa de Contratación do expediente de adxudicación do servizo de axuda no fogar do Concello de Salceda de Caselas que estará formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Marcos D. Besada Pérez, Sr. Alcalde do Concello.
- Dna. Berta Alonso Soto, Secretaria do Concello, titular da asesoría xurídica..
- Dna Elisa Marqués Parrilla, Interventora municipal, responsable do control económico e orzamentario do Concello de Salceda de Caselas.
- Dna. Teresa Pérez González, Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade.
- Dona Pilar Soutelo Viñas, Traballadora Social do Concello, que poderá ser substituída pola Traballadora Social do Concello Dna. Cristina Díez Domínguez
- Secretario da Mesa: D. Emilio Núñez Troncoso funcionario dos servizos xerais do concello.

SEGUNDO. Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro día 5 de xullo de 2016, ás 10:00 horas para proceder á cualificación da documentación xeral do sobre A), en sesión non pública. Salceda de Caselas, 29 de xuño de 2016. O ALCALDE. Marcos David Besada Pérez.”.

E para que conste no expediente de referencia en cumprimento do art. 177.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente, por orde e co visto e prace do Señor Alcalde., en Salceda de Caselas, á vintenove de xuño de dous mil dezaseis.

Vºe/Pr.
O Alcalde,
Marcos D. Besada Pérez

